

ACTA Nº 28/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE XULLO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D.^a Libertad Cruz Couso
D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 12 de xullo de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18.00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18.05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 24/10 do 14 de xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución nº 357/10, do 12 de xullo, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno co obxecto de dar de alta a un socio no servizo da ludoteca municipal.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira

ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 98/10 – CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA presenta solicitude de licenza municipal de obras para reparación de cuberta e peche de pista deportiva no CEIP de Abelendo, San Martiño-Moaña, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 7 de xullo de 2010, que literalmente di:

Procede licenza para reparación de cuberta e peche de pista deportiva no CEIP de Abelendo.Moaña, obra solicitada a requirimento da Consellería de Educación e Ordenación Univeersitaria polo Servizo de Programación e Contratación do Departamento territorial de Pontevedra.

3.B) EXPTE. 54/10 – D. MANUEL GERMADE SANTOS presenta proxecto de reparación de cuberta e conservación de vivenda, sita na Avda. Porta do Sol nº 65 – Meira, redactado pola arquitecta técnico D.^a Sofia Rúa Piñeiro, visado na data 04.05.10. Orzamento: 11.835,75 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 6 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: REPARACIÓN DE CUBERTA E CONSERVACIÓN DE VIVENDA. (OBRA MAIOR)

INFORME: Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Outórgase a licenza en base os documentos presentados que modifican o inicial proxecto.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como a conservación da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Practicar as taxas que procedan.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	331,41 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

Cartel de obra..... 110,00 €

3.C) EXPTE. 108/10 – D. ENRIQUE CAMESELLE TABOADA presenta proxecto de legalización de construción auxiliar para garaxe, sita no barrio de Costa, 66 – Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 01.06.10, co obxecto de legalizar o expte. 02/10 de Reposición da legalidade urbanística.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 7 de xullo de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO: LEGALIZACIÓN CONSTRUCCIÓN AUXILIAR PARA GARAXES (O. MAIOR)
INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.**

Proxecto de execución. O control da execución determinará a legalización da obra.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 7 de xullo de 2010 para Ordenanzas 1 das Normas subsidiarias de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédese 00,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 00,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo petionario..

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	171,87 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.D) EXPTE. 165/10 – D. MIGUEL ÁNGEL RÚA PARCERO presenta estudo técnico para construción de muro de peche de 134,41 x 1,70 m. de altura (228,50 m2) a lindantes, a base de pedra de perpiaño, postes de tubo de aceiro galvanizado e tela metálica sito no lugar de Fonte da Tella, 236 do barrio de Moureira – Meira, redactado pola enxeñeira técnica forestal D.^a Irene Rodríguez Quintá.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 7 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: MURO DE PECHE. (O. MENOR)
INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo cuxo pronunciamento é dar por rematada a prospección arqueolóxica superficial do terreo e dos cortes previa a construción de muro de peche, non existindo impedimento de índole arqueolóxico para a concesión da licenza municipal.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	272,47 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

4.- LICENZA DE PARCELACIÓN

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

- **EXPTE. 79/10 - D. MANUEL, D^a ROSA e D. IBÁN CASÁS BAMIO** presenta proxecto de **agrupación e parcelación simultánea** de terreos “circundado de Souto”, sito no barrio de Ameixoada de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 24.03.10.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 7 de xullo de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: AGRUPACIÓN E PARCELACIÓN SIMULTÁNEA DE TERREOS
INFORME: **Procede licenza parcelación.**

Agrupación de fincas de 1409 e 792 metros cadrados respectivamente. A parcelación resultante descrita na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas con data de 24/03/2010, resultan parcelas “A”, “B” e “C” de 619,00; 647,00 e 935,00 metros cadrados respectivamente que cumpren a condición de mínimas segundo as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística.....	165,00€
-------------------------------	---------

5.- OBRAS MENORES

Vistos os expedientes instruídos a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder as licenzas de obras menores,

deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

5.A) EXPTE. 109/10 – D^a ANA ISABEL CANCELAS CURRÁS, solicita licenza municipal para obras de reforma e conservación de peche existente de 31,40 x 2,00 m de altura, lindante con vía pública, consistentes en ampliación, conservación e colocación doutro portal novo, no barrio de Moureira, 105 – Meira, de conformidade co croquis e documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 7 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO E PORTAL (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A execución da obra non sobrepasará a altura máxima do cerramento que será de 2,0 metros a partir da rasante do terreo salvando a alineación oficial.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 51,80 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.B) EXPTE. 59/10 – D. JOAQUÍN PAZ GIL, solicita licenza municipal para construción de muro de cerramento a lindeiros e vía público nun terreo da súa propiedade, situado na Pandiña, O Con, concordante co croquis que achega. Lonxitude peche a lindeiros: 37,75 ml; lonx. peche a vía pública: 7,50 ml. Orzamento: 1.611 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 7 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO (O. MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A execución da obra axustarase á documentación presentada. Altura máxima do cerramento será de 2,0 metros con posición de lindantes e salvando a alineación oficial.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 45,11 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

6.- ARQUIVO DE EXPEDIENTE

EXPTE. 129/09 – LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U, presenta, 0 25.06.09, proxecto de ampliación de local comercial situado na estrada C-550, p.k. 11,750, en Vilela –

Tirán. O proxecto é redactado por Cotecno, S.A., o director deste é D. José Manuel Villar, e esta selado polo Colexio Oficial de enxeñeiros industriais de Galicia da Coruña.

O aparelador municipal informa sobre a documentación que debe subsanarse e/ou mellorarse, e dende o Concello requiríuselles o 22.09.09 para que, no prazo de 10 días, presentasen a seguinte documentación:

- oficio de dirección de obra
- cuestionario de estatística da construción de edificios
- memoria urbanística, artigo 195.4 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (na superficie afecta á ordenanza 2 do cadro comparativo, acumúlanse áreas non cualificadas como tales). Débese superficializar novamente e reflectir os resultados [...]
- Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, cumprimento do artigo 33.2, debe constar na memoria.
- Xustificación do cumprimento da Lei 7/1997 de protección da contaminación acústica e da ordenanza municipal de ruídos.
- Autorización administrativa do Servizo de Estradas.

A representante de LIDL SUPERMERCADOS S.A.U. achega, o día 6 de outubro de 2009, copia da solicitude de autorización da ampliación presentada o 02.10.09 no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra. Presenta tamén a xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a xustificación do cumprimento da Lei 7/1997 de protección da contaminación acústica e da ordenanza municipal de ruídos.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 6 de xullo de 2010 que literalmente di:

PETICIONARIO:LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U.
Representado por D. Juan Luis Ramos García.

Proponse, habida conta do incumprimento de aportación de documentación solicitada e o abeiro do Artigo 71 da Lei do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o arquivo do expediente 129/09.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo do expediente nº 129/09.**

7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 22/10 – ALSARI MOAÑA, S.L.

Vista a instancia presentada o día 16 de xuño de 2010 por Don JOSÉ LUIS SANTOMÉ NÚÑEZ, en representación de Alsari Moaña, SL , expón que esta entidade deuse de alta para a venda de prensa e revistas na Avda. Concepción Arenal 256 baixo, cuxo anterior titular era el mesmo, o Sr. Santomé Núñez, como empresario autónomo.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 6 de xullo de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 06.07.10, en relación coa solicitude presentada por ALSARI MOAÑA, S.L, na data do 16.06.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de QUIOSCO, sito na rúa Concepción Arenal nº 256, pertencente a D. JOSÉ LUIS SANTOMÉ NÚÑEZ, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de QUIOSCO, sito na rúa Concepción Arenal, nº 256, pertencente a D. José Luis Santomé Núñez, pola **Xunta de Goberno Local de data do 25.04.2005**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de QUIOSCO, sito na rúa Concepción Arenal, nº 256, pertencente a **D. JOSÉ LUIS SANTOMÉ NÚÑEZ**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data 25.04.2005**, a favor de **ALSARI MOAÑA, S.L.**

8.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

8.A) Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con entrada neste Concello o día 29 de xuño de 2010, no que solicita *información e condicionado* relacionado coa tramitación da instalación eléctrica denominada SUBESTACIÓN MOAÑA RURAL COMPACTA 66/20 KV, nº de expediente IN407A 2010/148-4, solicitada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, para o que achega separata do anteproxecto,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 6 de xullo de 2010, que literalmente di:

A requirimento da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, en relación coa solicitude formulada por Unión Fenosa Distribución, S.A relativas a instalación denominada SUBESTACIÓN MOAÑA RURAL COMPACTA 66/20 (Nº EXPEDIENTE: IND 407A 2010/148-4), este Concello de Moaña alega que, por circunstancias urbanísticas de carácter complexo con intervención doutros organismos da administración dado que resulta obrigado sometemento do expediente a outros entes da Comunidade Autónoma por ser preciso a autorización previa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas nas cales residen as competencias urbanísticas, procedemento regulado no artigo 41º da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e obrigadas exposicións públicas en orde á súa natureza xurídico-urbanística por ser solo rústico, este Concello advirte dificultades para informar do resultado que o desenvolvemento do trámite e resolución final da proposta reflectida no proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.**

8.B) Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con entrada neste Concello o día 7 de xuño de 2010, no que solicita *condicionado* relacionado coa tramitación da instalación eléctrica denominada MODIFICADO LMT CT RBT PALMAS, nº de expediente IN407A 2010/135-4, solicitada por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, para o que achega separata do anteproxecto,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 6 de xullo de 2010, que literalmente di:

A requirimento da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria, en relación coa solicitude formulada por Unión Fenosa Distribución, S.A relativas a instalación denominada MODIFICADO LMT CT RBT PALMAS (Nº EXPEDIENTE: IND 407A 2010/135-4), este Concello de Moaña non opón condicionados algún a proposta do proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.**

8.C) D. Manuel Pereiro Martínez, por escrito con entrada no rexistro do Concello o día 1 de marzo de 2010, expón que é propietario dunha casa e terreo circundado no lugar de Moureira, 134, e que a súa propiedade linda con terreo municipal por onde pretende abrir un oco para entrada de garaxe de 2,60 m, e solicita que lle autoricen a apertura do oco para entrada de garaxe, sen prexuízo das posteriores licenzas administrativas.

Visto o informe do aparelador municipal do 6 de xuño de 2010, que textualmente di:
Non procede xerar unha servidume sobre un ben patrimonial municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda que non procede acceder ao solicitado polo señor Pereiro polos motivos reflectidos no informe do aparelador municipal.

9.- EXECUCIÓN DE SENTENZA DO 22.01.10 DO TSXG

Vista a proposta de Urbanismo do 7 de xullo de 2010, que di:

Con data do 22 de xaneiro de 2010 pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia se ditou sentenza na que se resolve o recurso de apelación 0004297/2008 interposto pola ASOCIACIÓN DE VECIÑO MONTE O FARO DE DOMAÍO contra

a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra no Procedemento ordinario 49/2005 interposto pola dita asociación contra o acordo da Comisión de Goberno pola que se inadmitiu o recurso de reposición interposto contra o acordo da Comisión de Goberno de data 14 de xaneiro de 2002, na que se concedía licenza de obras a DONBLAN, S.L. para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Domaio – A Borna – Palmás.

Que a parte dispositiva da citada sentenza do TSXG é do teor literal seguinte: “RESOLVEMOS: Que debemos aceptar en parte o recurso de apelación interposto por “Asociación de Veciños Monte O Faro de Domaio” contra a sentenza do Xulgado do Contencioso núm. 2 de Pontevedra (PO 42/2005) e que desestimou o recurso de apelación interposto por D. Alfonso Branco Paredes, representante da Asociación de Veciños Monte O Faro contra o acordo da Comisión Municipal de Goberno do Concello de Moaña, adoptado na súa sesión do día 1-12-2004, mediante o cal se inadmitiu o recurso de reposición deducido o día 26-11-2004 contra o acordo da indicada Comisión Municipal da data 14-1-2002, na que se lle concedeu á entidade mercantil DONBLAN, S.L. unha licenza para a edificación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Domaio – A Borna – Palmás no termo municipal de Moaña; en consecuencia, revogamos e anulamos o acordo municipal impugnado para que o Concello de Moaña proceda á admisión e resolución do citado recurso de reposición; non se impoñen custas”.

En cumprimento da devandita sentenza, acórdase admitir a trámite o recurso de reposición inadmitido pola Comisión de Goberno do 1-12-2004 e, previamente a resolver sobre este, débese dar traslado do sinalado recurso de reposición á entidade DONBLAN, S.L. para que no prazo de QUINCE DÍAS poida alegar e presentar documentos e xustificacións que xulgue pertinentes en relación co citado recurso. **Proponse:**

Primeiro: Executar a sentenza do 22 de xaneiro de 2010 ditada pola Sección 2º da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na que se ditou sentenza na que se resolve o recurso de apelación 0004297/2008.

Segundo: Admitir a trámite o recurso de reposición interposto pola Asociación de Veciños Monte O Faro de Domaio deducido o día 26-11-2004 contra o acordo da entón Comisión Municipal de data 14-1-2002, pola que se lle concedeu á entidade mercantil DONBLAN, S.L. licenza para a edificación dunha vivenda unifamiliar no lugar de Domaio-A Borna-Palmás.

Terceiro: Previamente a resolver sobre o citado recurso de reposición, dar traslado á mercantil DONBLAN, S.L. para que no prazo de QUINCE DÍAS poida alegar e presentar documentos e xustificacións que xulgue pertinentes en relación co citado recurso de reposición.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

10.- PROPOSTAS DE GASTOS

10.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran,

Vista a proposta de gasto que se detalla de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
ALCALDÍA	Roupa de traballo para persoal de servizos	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	1550-22104 RC 1097	859,87 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

10.B) GASTOS DERIVADOS DO ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL

Vista a proposta da Alcaldía de data 09 de xullo de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado centro cultural Ramón Cabanillas.

Conforme coa cláusula terceira do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, subministro de auga, recollida do lixo, etc..

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

GAS NATURAL, S.U.R. 01111612354060 (210510 a 230610) 16,73 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de **SANTOME GESTIDO, Manuel** por importe de 16,73 euros en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo a partida orzamentaria 3340 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 16,73 euros a **SANTOME GESTIDO, MANUEL**, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo a partida 3340 20200.

10.C) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MOAÑA E A ASOCIACIÓN DE CLUBES DE TRAINERAS (ACT).

Co obxecto do fomento e promoción das competicións deportivas e, en concreto, das regatas de traíñas, o Concello de Moaña interésase na colaboración coa *Asociación de Clubes de Traineras* na realización de dúas regatas da Liga San Miguel 2010, os días 17 e 18 de xullo de 2010 en Moaña.

Vista a proposta de convenio coa Asociación de Clubes de Traineras, que recolle o contido e estipulacións nas que se concreta esta colaboración na a realización das dúas regatas sinaladas, e que recolle unha achega económica por parte do Concello xa que sera a entidade local a que pagará os premios,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda formalizar o convenio coa *Asociación de Clubes de Traineras* para a realización de dúas regatas da Liga San Miguel 2010, os días 17 e 18 de xullo en Moaña, faculta ao alcalde para a súa sinatura, e autoriza e compromete o gasto por importe de 22.500 €, en concepto de premios de regata de trañas liga ACT con cargo á aplicación 3410 22609 RC 1128.

11.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL

D. José Luis Álvarez Souto, en representación de Promociones O Castillo, S.L. e Promociones Souto y González, expón, por escrito do 28 de xuño de 2010, que as obras de urbanización relativas ao polígono I do Plan Parcial O Rosal Sur están rematadas e recepcionadas e presentara diferentes avais para responder dos gastos de urbanización: parcela 1, aval 00473000100710, licenza 137/99; parcela 2, aval 00473000100671, licenza 111/99; parcela 2, aval 00473000100664, licenza 111/99; parcela 3, aval 00473000100640, licenza 51/99; parcela 3, aval 00473000100633, licenza 51/99; parcela 4, aval 00473000100563, licenza 177/98; parcela 6, aval 00473000100570, licenza 176/98; parcela 14, aval 00473000100570, licenza 02/00; parcela 26, aval 00473000101388, licenza 106/01. Solicita a devolución dos avais.

Visto o informe do arquitecto que actúa como asistencia técnica municipal, que di:

CONSIDERACIÓNS

- 1.- En data 20 de abril de 2010 emítese informe para recibir definitivamente a obra de urbanización da 1º etapa do Plan Parcial do Rosal.
- 2.- As edificacións cuxas licenzas 137/99, 111/99, 51/99, 177/98, 176/98, 2/00 e 106/01 se encontran na urbanización da 1ª etapa Plan Parcial O Rosal, conta coa urbanización rematada e recibida.

Por todo isto dende o meu leal saber e entender e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir a seguinte

CONCLUSIÓN

A obra de urbanización da 1ª etapa Plan Parcial O Rosal encóntrase recibida, podendo os edificios relacionados proceder a retirar os avais correspondentes, unha vez que a garantía estaba constituída sobre a urbanización rematada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución dos avais solicitados e que foron depositados para responder das urbanizacións das licenzas de obras nº 137/99, 111/99, 51/99, 177/98, 176/98, 2/00 e 106/01.

12.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA CENTRO DE FISIOTERAPIA E ODONTOLOXÍA

Redactado a instancias do Concello polo arquitecto D. Gumersindo Ferro Pichel o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA ODONTOLOXÍA E FISIOTERAPIA, cuxo orzamento de execución –ive incluído- é de 113.676,59 euros,

Visto o informe do arquitecto técnico do Concello de data 8 de xullo de 2010, que di:

CONSIDERACIÓNS

- 1.- O Proxecto conta cos documentos de memoria, prego de condicións, medicións e planos, podendo ser considerado proxecto completo a tódolos efectos.
- 2.- Na memoria dispónse dunha memoria urbanística específica segundo se determina na Lei 9/2002 e as súas modificacións posteriores, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que cumpre cos parámetros urbanísticos de aplicación segundo as NNSS municipais e o Plan Parcial do Rosal onde se ubica.
- 3.- No proxecto xustifícase de forma axeitada o cumprimento da normativa de protección de incendio, accesibilidade e a normativa específica do uso a desenvolver.

Por todo isto dende o meu leal saber e entender e estudadas as consideracións anteriores podemos deducir a seguinte

CONCLUSIÓN

O Proxecto obxecto deste informe considérase un documento completo e suficiente para a construción da obra pretendida, que cumpre a normativa urbanística de aplicación, e a normativa básica de seguridade, accesibilidade e uso, contando por tanto con informe favorable para a realización da mesma.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o Proxecto básico e de execución de ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA ODONTOLOXÍA E FISIOTERAPIA, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Ferro Pichel, e que conta cun importe de execución por contrata de CENTO TRECE MIL SEISCENTOS SETENTA E SEIS EUROS E CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (113.676,59 €= 97.997,06 + 15.679,53 euros de IVE).

SEGUNDO: Nomear director da obra a D. Gumersindo Ferro Pichel

TERCEIRO: Remitir o proxecto á Consellería de Sanidade para o seu informe.

13.- TRÁFICO

13.A) D^a. Eva María Fernández González, por escrito do 18 de xuño de 2010, solicita un espello e un sinal de stop para un cruce sen visibilidade na altura do nº 28, onde conflúen as rúas Costa e Palmás.

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía local do 3 de xullo de 2010, que recolle que se trata dunha intersección en “Y”, e como queira que a visibilidade se ve reducida polas edificacións no lugar, cómpre instalar un espello convexo na marxe oposta de dita intersección para acceder á pista de Palmás dende A Costa, e e posibilitar a visión dos vehículos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación solicitada nos termos recollidos no informe da Policía local.

13.B) D. Soriano Gestido García, por escrito do 25 de xuño de 2010, expón que na franxa que vai dende o enlace da entrada ao colexio de Abelendo máis domicilios, ata as escaleiras do parque da Feira que saen a dito ramal, aparcan cochen que difultan a entrada e saída a vehículos, sobre todo cando coinciden dous. Solicita o pintado de franxa amarela ou sinal de non aparcar na zona arrente ao muro do parque da feira, polo menos ata escaleiras do parque.

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía local do 3 de xullo de 2010, que recolle que procede o pintado dunha liña amarela para prohibir o aparcamento ao carón do muro da Feira, dende as escaleiras de acceso ao parque da Feira ata o cruce de estrada da rede provincial EP-1104 co acceso ao CEIP de Abelendo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o pintado da liña amarela solicitada nos termos recollidos no informe da Policía.

13.C) D. Jorge Blanco Cancelas, por escrito do 10 de xuño de 2010, expón que a saída en coche do seu domicilio en Riazón, 39, así como dos veciños das vivendas nº 37 e 41 que usan a mesma saída, implica un grande risco de accidentes debido á falta total de visibilidade polo que solicita que se coloque un espello na confluencia dese acceso coa rúa Riazón para evitar males maiores.

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía local do 3 de xullo de 2010, que recolle que para garantir a saída dos veciños mentados sería conveniente colocar un espello co fin de poder ter unha maior visibilidade dos vehículos que circulan no sentido Miranda-Riazón,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a colocación do espello solicitado, por conta dos interesados.

14.- SOLICITUDE DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE MUSICAL

D^a María Teresa del Rio Costa, por escrito do 3 de xullo, expón que é a propietaria da cafetería O Forno, na Xunqueira nº 1, e que con motivo da temporada de verán solicita, a partir do día 1 de xullo, poder realizar unha actividade musical desde 22.00 a 24.00 horas, ata o 30 de setembro.

Visto o informe do inspector de obras do 12 de xullo de 2010, que indica

Que a Confitería O Forno, C.B. sita no lugar de Travesía de Montenegro, nº 2, ten licenza de actividade para Confitería e Degustación, aprobada pola Xunta de Goberno Local na data do 23.11.09. A licenza de actividade non autoriza actuacións musicais dentro do local.

Entendo que as actuacións musicais polas que solicitan autorización son ao aire libre, non sendo competencia deste departamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a solicitude porque a súa licenza non autoriza actuacións musicais dentro do local.

15.- PROPOSTAS DE ALTAS/BAIXAS NO REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

15.A) INSCRICIÓNS:

D. FRANCISCO SOLIÑO MALVIDO solicita licenza para a tenza de can de raza considerada como perigosa, para acompañamento.

Nome do can: LEO, raza: ROTWEILLER

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría do 8 de xullo de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza do can de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

15.B) BAIXAS

Visto o informe de Secretaría do 8 de xullo de 2010, que di:

En contestación aos requirimentos remitidos dende o Concello a aquelas persoas que debían proceder á renovación das licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos por transcorren máis de 5 anos dende a súa obtención, os/as propietarios/as comunican as seguintes baixas:

<u>Licenza</u>	<u>Propietario</u>	<u>Can</u>	<u>Microchip</u>
2/2004	José Antonio Gil Vieitez	SHIVA	724098100622380
3/2004	José Antonio Gil Vieitez	YOYO	724098100614355
8/2004	Paula Piñeiro Vidal	BONA	977200001035382
9/2004	Alberto Granata Domínguez	KORA	724098100489680
2/2005	Roberto Barbosa Cruz	PIVI	724098100584988

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa do rexistro municipal aos cans recollidos no informe, e que se trasladen estas baixas ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

15.C) D:^a María de la Luz Dominguez Solla, propietaria do can MASTON, inscrito no rexistro co núm. 12/2004, solicita que se dea de baixa ao seu can do rexistro de cans de razas consideradas como perigosas xa que é de raza BULL TERRIER, e dita raza non é considerada perigosa.

Visto o informe de Secretaría do 8 de xullo de 2010, no que indica que efectivamente no decreto da Xunta 90/2002, do 28 de febreiro, e no decreto 287/2002 do 22 de marzo, que desenvolven a Lei 50/1999, non aparece a raza BULL TERRIER como das consideradas perigosas,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de baixa do rexistro municipal ao can MASTON cuxa propietaria é D.^a María de la Luz Domínguez Solla, e que se traslade esta baixa ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

16.- BASES DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 2 PROFESORES, 1 NA ESPECIALIDADE DE TROMBÓN E 1 NA ESPECIALIDADE DE PIANO, PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA

Vista a proposta da Alcaldía que di:

De acordo co informe do Director da Escola Municipal de Musica, de data 1 de xullo actual, faise necesario realizar a contratación de 1 PROFESOR/A DE PIANO e 1 PROFESOR/A DE TROMBÓN coa titulación de Grao Medio, para o curso escolar 2010-2011, en rexime de contrato por obra ou servizo. O/a profesor de piano contrataríase por 5/8 de xornada (15 horas lectivas semanais) e o/a profesor/a de trombón por 3/8 de xornada (9 horas lectivas semanais).

Polo que resulta necesario aprobar as bases e expoñelas no taboleiro do Concello e na Prensa para que se poidan presentar os interesados.

Por todo o anterior, esta Alcaldía fai a seguinte **PROPOSTA:**

Primeiro: Convocar procedemento público para proceder á contratación de 1 profesor/a de TROMBÓN e 1 profesor/a de PIANO para a Escola Municipal de Música de Moaña, que prestará o seu servizo dende o 15 de setembro de 2010 ata o 26 de xullo de 2011. Para isto publicarase anuncio desta convocatoria, no taboleiro de anuncios do Concello, e nun diario da provincia, abríndose un prazo de oito 10 días naturais para a presentación de instancias por parte dos interesados a contar a partir do día seguinte á publicación nun diario da provincia.

Segundo: Aprobar as seguintes bases para a realización do correspondente proceso selectivo:

BASES

PRIMEIRA: CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN.

1.- O obxecto da presente convocatoria é a selección de 1 PROFESOR/A DE TROMBÓN e 1 PROFESOR/A DE PIANO para impartir as correspondentes clases na Escola Municipal de Música de Moaña durante o curso 2010/2011.

2.- Os traballadores/as contratados/as prestarán os seus servizos en rexime de contratación por obra ou servizo determinado, sen que en ningún caso adquira ningún dereito a incluírse no persoal fixo, podendo o Concello de Moaña, establecer un período de proba que en todo caso se axustará á lexislación laboral prevista, no momento da sinatura do correspondente contrato.

3.- O traballo a desenvolver consistirá en: Impartir e organizar as clases das súas especialidades, así como das materias complementarias necesarias. Destinar a parte correspondente do horario non lectivo á preparación das clases. Participar das Audicións, concertos e eventos pedagóxicos organizados pola Escola.

Concorrer aos Claustros, sesións de avaliación, reunións de departamentos e a cantas outras sexa convocado en relación coa súa tarefa docente. Confeccionar cuantos informes sexan precisos para o desenvolvemento da programación escolar.

4.- O horario lectivo que lle corresponde á xornada do profesor/a de piano será de 15 horas semanais (5/8 de xornada completa).

5.- O horario lectivo que lle corresponde á xornada do profesor/a de trombón será de 9 horas semanais (3/8 de xornada completa).

6.- A retribución bruta mensual do profesor/a de piano será de 935,23 €/mes, que inclúen salario base, puntualidade, prorrateo de pagas extra e indemnización por cese.

7.-A retribución bruta mensual do profesor/a de trombón será de 561,25 €/mes, que inclúen salario base, puntualidade, prorrateo de pagas extra e indemnización por cese.

SEGUNDA: REQUISITOS PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA.

Os aspirantes deben reunir todas e cada unha das condicións seguintes, sempre referidas á data de expiración do prazo para presentar as solicitudes:

1- Ser español ou doutro Estado membro da Unión Europea, ou dun estado que teña estes efectos mediante convenio ao respecto con aquela.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e cando así o preveza o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos e maiores de dita idade cando neste último caso, vivan ás súas expensas

2- Ter cumpridos dezaoto anos de idade.

3- Estar en posesión da titulación esixida para a categoría que se convoca: polo menos grao medio para a praza á que se opte, ou calquera outro equivalente que lle permita legalmente levar a cabo o citado traballo. No caso de que as titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedido a correspondente homologación, de conformidade coa lexislación vixente.

4- Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración ou Institución como consecuencia de expediente disciplinario. No caso de aspirantes cunha nacionalidade que non sexa a española, deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

5- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Todos os requisitos sinalados nas presentes bases deberanse posuír no día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento de asinar o correspondente contrato.

TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1- Os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude segundo o modelo de Anexo I das presentes bases, onde manifesten que reúnen os requisitos esixidos na base anterior. Este modelo de documento será o único válido para solicitar a participación no concurso.
- b) Fotocopia do D.N.I.
- c) Curriculum Vitae detallado, académico e profesional, e acompañado dos documentos acreditativos dos méritos alegados. No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados, dando lugar a dúbidas ao órgano cualificador, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados, nin puntuados. Os documentos aportados deberán ser orixinais ou copias compulsadas.

2- O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a contar a partir do día da publicación da presente convocatoria nun diario da provincia. As bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

3- As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de Moaña, sito na rúa Barxas, 2, dentro do horario de 8:00 a 14:00 horas, e os Sábados de 10:00 a 13:00 horas. Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a solicitude por fax ao Concello de Moaña (986310104).

4- Admisión de aspirantes: Rematado o prazo de presentación de instancias, o órgano competente da Corporación, ditará a resolución que proceda sobre a admisión ou exclusión provisional de aspirantes, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello. Durante un prazo de 3 días hábiles os aspirantes excluídos poderán alegar contra os motivos da súa exclusión e aportar a documentación que proceda para a acreditación dos requisitos de acceso. En ningún caso se aceptará a aportación de nova documentación relativa a currículo ou méritos alegados. A continuación, e unha vez resoltas as posibles reclamacións e subsanación de deficiencias, o órgano competente ditará no prazo de 2 días hábiles resolución definitiva de admitidos, que publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

CUARTA TRIBUNAL CALIFICADOR.

1- A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

- o Presidente: O Director da Escola Municipal de Música de Moaña.
- o Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue.
- o Vocais:

1 vocal designado pola Alcaldía a proposta do Comité de Persoal.

1 traballador adscrito ao Servizo.

1 traballador especialista no instrumento para o que se realiza a selección.

2- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo isto, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario ou das persoas en quen deleguen.

3- Será causa de abstención e recusación dos membros do Tribunal as establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

QUINTA: ESTRUCTURA E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

1- Reunido, validamente, o tribunal queda facultado a valorar unicamente os aspirantes presentados ao proceso selectivo.

2- O procedemento de selección consistirá nun concurso-oposición, iniciándose o mesmo pola fase de valoración dos mérito achegados e continuando coa realización dos exercicios da fase de oposición.

3- Fase de oposición:

a) Os aspirantes procederán a realizar a fase de oposición sendo chamados por orde alfabética do seu apelido. Realizarase un único chamamento polo Tribunal Cualificador. No caso de que o aspirante non se presentase ao citado chamamento, teráselle por non presentado.

b) As probas consistirán nos seguintes exercicios:

- Interpretación de 2 obras de estilos diferentes, a elección do interesado/a (máx 15 min)

- Lectura a primeira vista de 2 obras ou fragmentos de música de cámara escollidas polo tribunal e/ou exposición dunha unidade didáctica sobre unha peza dada. (máx 20 min)

- Entrevista persoal.

Cada apartado das dúas primeiras probas valorarase por separado de 0 a 25 puntos, sendo a puntuación final a suma de todas elas, quedando eliminado/a aspirante que non acade un mínimo de 12,50 puntos en calquera das probas.

A Entrevista Persoal valorarase de 0 a 10, quedando eliminado o aspirante que non acade un mínimo de 5 puntos.

O Tribunal avaliador poderá interromper en calquera momento as probas a realizar polo aspirante, cando considere que xa ten elementos de valoración suficientes, aínda que non se tivera esgotado o tempo máximo para a realización das probas.

A puntuación máxima para esta fase queda establecida en 60 puntos.

4.- Fase de concurso.

Méritos Académicos:

Por estar en posesión de outros títulos académicos superiores ó esixido para o ingreso (relacionados co contido profesional da praza á que se opta). Máximo 5 puntos, acumulables só no caso de Maxisterio con outra Titulación.

- Título de Doutor , 3,5 puntos
- Título Superior, 2,5 puntos
- Maxisterio Musical, 1,5 puntos
- Título Medio/Profesional 1 punto

II-Experiencia docente: ate un máximo de 20 puntos

Por cada mes traballado como profesor da titulación pola que se presenta en Conservatorios Públicos ou Escolas Municipais de Música: 0,30 puntos

Por cada mes de traballo como profesor da titulación pola que se presenta en Conservatorios ou Escola de Música privadas: 0,20 puntos

Por cada mes traballado como profesor de outra titulación musical diferente á que se presenta en Conservatorios, Colexios ou Escolas Municipais de Música Públicos: 0,15 puntos

Por cada mes traballado como profesor de outra titulación musical diferente á que se presenta en Conservatorios, Colexios ou Escolas de Música privadas: 0,10 puntos.

No caso de traballar a xornada completa (mínimo 8 horas diarias os 5 días a semana), no caso de traballo a tempo parcial, computarase proporcionalmente o número de horas traballadas. (Non se terá en conta a experiencia en prácticas ou similares).

Documento xustificativo para este apartado: orixinal ou fotocopia compulsada de nomeamento ou contrato onde conste a xornada laboral e duración do citado contrato (no caso de non figurar a data de remate do contrato, deberá acompañarse de vida laboral onde conste o inicio e remate do mesmo). No citado contrato deberá figurar igualmente a materia impartida ou titulación en virtude da que se contrata, no caso de que non figure, deberá presentarse documento expedido polo Conservatorio ou Escola de Música onde consten os citados datos.

III-Formación e especialización profesional:

a) Por cursos de pedagogía musical ou actividades musicais recibidos polo candidato:

- De duración inferior a 4 horas.....0,04 puntos
- De 4 a 9 horas 0,08 puntos
- De 10 a 29 horas 0,20 puntos
- De 30 a 49 horas..... 0,40 puntos.
- De 50 a 99 horas..... 0,60 puntos.
- De 100 ou máis..... 0,80 puntos.

(Ata un máximo de 12 puntos).

Acreditarase mediante o título correspondente. Os Concertos de relevancia coma solista e/ou gravacións discográficas acreditables valoraranse como cursos de 10 a 29 horas.

IV-Coñecemento de Galego:

1- Puntuación máxima 3 puntos (Os cursos superiores abranguen os inferiores).

- CELGA 3: 1 punto.
- CELGA 4: 2 puntos.
- Curso medio de linguaxe administrativa: 3 puntos.

(A puntuación máxima que se poida obter nesta fase será de 40 puntos).

SEXTA: RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematada a valoración dos méritos e a fase de oposición, o Tribunal Cualificador emitirá resolución facendo pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a puntuación total de todos e

cada un dos aspirantes, aínda que non se poderá formalizar proposta de contratación máis que a favor do aspirante con puntuación superior.

A calificación total obterase de sumar os puntos acadados no procedemento de valoración do Curriculum Vitae, de conformidade co baremo anteriormente sinalado e a puntuación obtida na fase de oposición.

Tendo en conta a proposta de nomeamento do Tribunal, a Xunta de Goberno Local procederase ao nomeamento do aspirante seleccionado, que terá que presentar no prazo de 2 días hábiles a partir da publicación das listaxes definitivas e previamente á resolución, documentación de todos os requisitos incluídos na Base Sétima das presentes bases.

Os restantes candidatos, pola orde da puntuación obtida, pasarán a integrar unha listaxe e poderán ser contratados no caso de vacantes sobrevidas.

SÉTIMA: DOCUMENTACIÓN PREVIA Á CONTRATACIÓN.

Os aspirantes seleccionados, polo Tribunal Cualificador, deberán presentar na Secretaría da Corporación dentro dos dous días hábiles seguintes á publicación da cualificación final no taboleiro de anuncios do Concello, a seguinte documentación :

1-Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado paro o exercicio de funcións públicas.

2-Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas.

OITAVA: IMPUGNACIÓNS E RECLAMACIÓNS.

A presente convocatoria, as bases que a regulan e todos os actos administrativos que se deriven destas, así como as actuacións do tribunal de valoración, poderán ser impugnadas polos interesados na forma prevista legalmente na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

No non previsto nas presentes bases será de aplicación a lexislación básica estatal en materia de selección de persoal e a lexislación autonómica de desenrolo da mesma.

CALENDARIO DA CONVOCATORIA.

12 de Xullo de 2010.- Aprobación das bases na Xunta de Goberno Local.

14 de Xullo de 2010.- Publicación das bases e convocatoria.

15 a 27 de Xullo de 2010.- Presentación de solicitudes.

2 de agosto de 2010.- Publicación de listaxe de admitidos e excluídos e puntuación da fase de concurso.

2 a 6 de agosto de 2010.- Presentación de reclamacións.

1 de setembro de 2010.- Publicación de relación definitiva de aspirantes e puntuación da fase de concurso.

3 de Setembro de 2010.- Probas fase de oposición.

7 de Setembro de 2010.- Publicación de resultados provisionais.

7 a 10 de Setembro de 2010.- Reclamacións.

13 de Setembro de 2010.- Aprobación pola xunta de Goberno Local de proposta de contratación.

ANEXO I.

Modelo **de** **instancia.**

D/D^a.....veciño/a
de.....con domicilio en (lugar, rúa, praza e número)
.....
..... DNI
núm. expedido en, o de.....de....., e teléfonos de
contacto nº..... / enterado do concurso-oposición para cubrir
mediante contratación laboral temporal unha praza de profesor de TROMBÓN/PIANO na Escola
Municipal de Música de Moaña convocado por ese Concello, ante o Alcalde-presidente comparece
e expón:

1. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda e das que rexen na convocatoria.
2. Que se compromete a aportar no seu día os documentos acreditativos de reunir as antes expresadas condicións.

Por todo isto, SOLICITA:

Ser admitido ao concurso convocado para cubrir mediante contrato laboral temporal unha praza de profesor de TROMBÓN/PIANO da Escola Municipal de Música de Moaña.

.....,de.....de 2010."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus xustos termos.

17.- “MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE OBRA “CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA”

En data de 10 de maio de 2010, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “Construcción de pistas de atletismo na Xunqueira” á empresa U.T.E. INDEPO CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS S.L. E ANTALSIS S.L., polo prezo de CATROCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS UN EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (404.601,63 euros). (348.794,51 euros + 55.807,12 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses, adscripción de traballadores á obra: Mínimo de dez traballadores, dos que oito serán de nova contratación, con contratos de tres meses de duración.

Figura no expediente Proxecto de reformado redactado polo Redactor do proxecto e Director de Obra de xuño de 2010. No Orzamento do modificado se recolle a alteración do prezo total do contrato inicialmente previsto. No modificado, o proxecto de execución por contrata, sen IVE, ascende a 434.138,69 euros.

En Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2010, se acorda iniciar expediente de modificación da obra “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira” e conceder un prazo de tres días hábiles de audiencia ao contratista respecto da proposta de modificación da obra.

En data 8 de xullo de 2010, o contratista presenta escrito de conformidade ca modificación técnica do Proxecto da obra “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira”.

Vistos o informe da Secretaría de data 29 de xuño de 2010 respecto da proposta de modificación.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación do contrato de obra “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira”, en base ás circunstancias sinaladas na memoria do modificación do proxecto presentado, falta de planimetría no solar da obra precisándose de un movemento de terras, falta de iluminación artificial, a necesidade de colocar unha drenaxe de grava e xeotextil baixo as zonas de céspede, rego para o céspede natural, axuste dos equipamentos deportivos ás necesidades de uso das instalacións, así como a necesidade de axustar o tipo impositivo do IVE ao 18%.

SEGUNDO.- Aprobar un gasto complementario por importe de 85.344,18 euros, autorizando e comprometendo gasto con cargo á partida 3420.62200 do orzamento para o 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao contratista para que concorra á formalización da modificación e se lle requira para que, segundo o disposto no artigo 42 do TRCAP, presente, no prazo de 15 días, o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva reaxustada á modificación, sumando un importe total a garantía, ca modificación incluída, de 21.706,93 euros.”

18.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARIA XERAL PARA O TURISMO

No DOG nº 112, do 15 de xuño de 2010, publícase a *Orde do 28 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos con destino ao apoio ás festas populares e a outros eventos de contido turístico, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT982D)* da Consellería de Cultura e Turismo, na que se dá un prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación para solicitálas,

Vistas as bases, e dado o interese do Concello en solicitar axuda para as distintas actividades do Concello que teñen como vínculo o mar (fetsta do mexillón, do naseiro...)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acollerse a dita orde e solicitar subvención con destino ao apoio das festas populares e doutros eventos relacionados co mar que se realizan en Moaña, así como financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro de tida convocatoria ate o importe total da execución das actividades previstas

19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista das solicitudes presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
RAFAEL HERCE GARRALETA	Saneamento, uso doméstico	Isamil, 81 A	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
PROMOCIONES E INVERSIONES ALGALIA, S.L.	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170, 1º A	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia
ROSA ANA JUNCAL CORES	Saneamento, uso doméstico	Broullón, 64 B	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
MARÍA DEL CARMEN CURRÁS EIRO	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170, 2º B	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia aparellador mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:35 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.